

ESTREA EN NUMAX: 17.01.2020 | V.O.S.E. | +16

The Lighthouse (2019, 110')

Dirección: Robert Eggers

Guión: Robert Eggers, Max Eggers

Elenco: Willem Dafoe, Robert Pattinson

Son: Filipe Messeder

Fotografía: Jarin Blaschke

Montaxe: Louise Ford

Dirección de arte: Matt Lively

Vestuario: Linda Muir

Música: Mark Korven

Produtora: New Regency Pictures, RT Features (Estados Unidos)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Premio FIPRESCI
Quincena de realizadores)

FILMOGRAFÍA

La bruja, 2015

SINOPSE

Unha remota e misteriosa illa de Nova Inglaterra na década de 1890. O veterano fareiro Thomas Wake e o seu axudante Ephraim Winslow deberán convivir durante catro semanas. O seu obxectivo será manter o faro en boas condicións até que chegue o relevo que lles permita volver a terra. Pero as cousas complicanse cando xorden conflitos por xerarquías de poder entre ambos.

«Eggers creou un conto perverso con sabor a cinema clásico, unha fábula sinistra chea de liberdade creativa e arroupada por dous grandes actores»

Jonay Armas, CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



“Non pasa nada bo cando dous homes quedan sós nun falo xigante”

Entrevista con Robert Eggers

Por José Ignacio Cuenca

Como describirías a historia que contas en *O faro*? Basicamente é a historia de dous fareiros que se encontran nunha remota e misteriosa illa lonxe da costa de Maine, chega unha tormenta e quedan atrapados, e obviamente nada bo vai suceder a partir daí. Aínda que a forma máis sinxela de falar dela é: «Non pasa nada bo cando dous homes quedan sós nun falo xigante».

Xa non se ven demasiados filmes en branco e negro, aínda que este non o podes imaxinar rodado doutro xeito.

Si. En cor non se pode expresar o estilo de vida lúgubre e austero do escenario e o mal tempo. O outro día vin algunhas fotos tras as cámaras e dixen: «Se cadra ninguén debería telas visto».

O filme é un ‘tour de force’ entre Willem Dafoe e Robert Pattinson. Que achegou cada un deles?

Willem Dafoe é sinxelamente un dos mellores actores existentes, así que... Estou contento de que quixera facela. O seu personaxe fala cun dialecto e cun acento incríbelmente ben documentado e baseado na historia. Pero, para un oído inexperto, pode parecer un pirata de debuxos animados. Así que fai falta alguén como Willem Dafoe para facelo verosímil. Despois, Robert Pattinson é tamén un actor

incríbel. Non diría que esta é a súa mellor interpretación, só porque sempre está fantástico. Pero este filme facilitoulle a oportunidade de amosar todas as emocións posibles e como estoupa a súa interpretación de forma que nunca víramos estoupar antes en pantalla... é moi emocionante.

Terror, drama, humor... O ton que empregaches é moi interesante.

Indubidabelmente, *O faro* ten unha intención de ser divertido. *La bruja*, o meu primeiro filme, tómase moi en serio a si mesmo e creo que non funcionaría se non se tomase en serio a si mesmo. Pero se ía explorar de novo a miseria quería ser capaz de rir diante dela. Isto comeza cun chiste de peidos e acaba cunha gaiyota defecando enriba de Robert Pattinson no último plano do filme.

“Os filmes de Eggers non che dan o contido mastigado”

Entrevista con Robert Pattinson
Por María Estévez

Que te levou a protagonizar *O faro*?

O guión de Robert Eggers era moi atrevido. Cando o lin, sorprendinme. Vira o seu primeiro filme, *La bruja*, e impactoume o seu talento. De feito, pedinlle ao meu axente que o chamase e me conseguise unha reunión con el. Contratoume

antes de que tivese o guión rematado. Interésanme as historias que espertan a miña curiosidade.

Nos dous filmes de Eggers a superstición e a paranoia acaban por provocar a traxedia...

Esta foi unha rodaxe moi física porque así o requiría o personaxe. Canto máis realismo, máis doado é meterse no estraño espazo mental que me toca habitar na ficción. Pode parecer raro, pero os filmes de Eggers non che dan o contido mastigado, porén, creo que iso é precisamente o divertido de traballar con el.

Que tal foi o man a man con Willem Dafoe?

Traballar con Willem foi unha experiencia fascinante porque me triplicaba en enerxía. Eu son máis novo, pero o seu aguante é o dun adolescente. O que ofrece á interpretación é sobresaínte, nunca tivera un adversario deste calibre. Dafoe é un xenio, advertíronme que faría algunha loucura, pero nunca pensei que se presentaría cunha enerxía tan anárquica. Intimidoume e axudoume porque o meu personaxe síntese acurrallado polo seu.

Publicadas en sensacine.com e abc.es
Tradución: Olalla Cociña

O director

Robert Eggers (New Hampshire, 1983) comezou a súa carreira como deseñador e director de producións teatrais en Nova York antes de traballar no cinema. Desde 2007 dirixiu as súas primeiras curtas, entre elas unha adaptación do relato *O corazón delator*, de Edgar Allan Poe. En 2015 debutou como director dunha longametraxe con *La bruja*, baseada no seu propio guión. Estreada no Festival de Cine de Sundance, a recepción crítica foi positiva e levou o galardón ao Mellor director de drama estadounidense. *O faro* é o seu segundo filme.

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

